

Clasificación do grao de urbanización das parroquias e dos concellos de Galicia

NOTA DE PRENSA

O 41,2% da poboación galega vive en parroquias densamente poboadas que ocupan só o 1,2% da superficie

O IGE publica unha clasificación do grao de urbanización dos concellos e das parroquias de Galicia tratando por un lado reflectir as peculiaridades do asentamento poboacional en Galicia e por outro preservar a harmonización coa clasificación empregada a nivel estatal e europeo.

O punto de partida para elaborar ambas as dúas clasificacións foi a variable grao de urbanización definida por Eurostat do seguinte xeito:

“O grao de urbanización é o tipo de localidade na que reside un individuo segundo o seu carácter urbano ou rural, e establécense tres categorías: Zonas densamente poboadas (ZDP), Zonas intermedias (ZIP), Zonas pouco poboadas (ZPP).

Estas categorías defínense a partir das áreas locais (AL) e a súa densidade de poboación do xeito seguinte:

- **Zonas densamente poboadas (ZDP):** conxunto contiguo de AL de densidade superior a 500 hab./Km² e unha poboación total para a zona de alomenos 50.000 habitantes.
- **Zonas intermedias (ZIP):** son o conxunto de AL que non pertencen a unha zona densamente poboada onde cada unha delas conta cunha densidade superior a 100 hab./ Km² e, ou ben a poboación total da zona é superior a 50.000 habitantes, ou ben é adxacente a una zona poboada densamente.
- **Zonas pouco poboadas (ZPP):** son os grupos de AL que non pertencen a zonas densamente poboadas ou a zonas intermedias.

Unha AL ou un grupo contiguo de AL que non acadan o nivel de densidade requirido, pero que están totalmente contidas nunha zona densamente poboada ou intermedia, considéranse como parte dela. Unha AL localizada entre unha zona densamente poboada e unha zona intermedia, aínda que non acade os 100 hab./Km², considérase como intermedia. Para aplicar isto, o grupo de áreas afectadas deben ter unha superficie de polo menos 100 Km².”

O IGE, en colaboración coa Consellería de Sanidade desenvolveu unha clasificación para os concellos e outra para as parroquias aplicando a definición de Eurostat e considerando como AL o concello e a parroquia, respectivamente.

A clasificación tanto dos concellos como das parroquias nas tres zonas establecidas por Eurostat é bastante grosa no caso galego e non permite diferenciar núcleos importantes de poboación con certo grao de urbanización, sobre todo nas provincias de Ourense e Lugo. De aí a necesidade de facer unha subclasificación nos concellos e nas parroquias:


- Para as parroquias estableceuse unha subclasificación das tres zonas (ZDP, ZIP e ZPP) en sete subzonas, de maior a menor grao de urbanización: ZPP, ZIP Alta, ZIP Baixa, ZPP Alta, ZPP Intermedia, ZPP Baixa.

- No caso dos concellos estableceuse unha subclasificación das tres zonas (ZDP, ZIP e ZPP) en seis subzonas, de maior a menor grao de urbanización: ZPP, ZIP Alta, ZIP Baixa, ZPP Alta, ZPP Intermedia e ZPP Baixa.

Clasificación das parroquias galegas

Unha vez feita a subclasificación das parroquias empregando o grao de urbanización establecido por Eurostat, a disposición do territorio galego queda tal e como se mostra no Mapa 1. Obsérvanse 8 zonas densamente poboadas correspondentes ás 7 grandes cidades máis a zona de Vilagarcía-Cambados e que agrupan a 71 parroquias. As ZIP están situadas principalmente arredor das grandes cidades e dentro das ZPP alta, ZPP intermedia, e ZPP baixa están as parroquias dos concellos das vilas galegas como Vilalba, Viveiro, Foz, Ribadeo, Monforte de Lemos, Xinzo de Limia, O Barco de Valdeorras, Allariz, Celanova, O Carballiño, etc, que se diferencian claramente da ZPP superbaixa.

Mapa 1.- Distribución das parroquias en subzonas de urbanización



Tendo en conta a clasificación das parroquias e a distribución da poboación nas diferentes subzonas (Táboa 1) obsérvase como o 41,2% da poboación galega vive en zonas densamente poboadas ocupando tan só o 1,2% da superficie. Pola contra, o 23,7% da poboación vive nas zonas con menor grao de urbanización (ZPP superbaixa) que ocupan máis do 87% do territorio galego.

Se calculamos as densidades de poboación en ambas as dúas zonas obteríamos na ZDP unha densidade de 3.316,7 hab./Km², fronte aos 25,6 hab./Km² na ZPP superbaixa.

Táboa 1.- Distribución da poboación e da superficie por tipo de zona definida a partir das parroquias. Galicia. Ano 2009

Zona	Nº entidades	Poboación	Superficie	% poboación	% superficie
ZDP	70	1.152.566	347,5	41,2	1,2
ZIP	399	629.506	2.144,4	22,5	7,3
ZIP alta	52	247.785	243,8	8,9	0,8
ZIP baixa	347	381.721	1.900,6	13,7	6,4
ZPP	3.321	1.014.017	27.060,7	36,3	91,6
ZPP alta	95	191.078	614,8	6,8	2,1
ZPP intermedia	30	77.012	212,8	2,8	0,7
ZPP baixa	55	83.463	363,8	3,0	1,2
ZPP superbaixa	3.141	662.464	25.869,3	23,7	87,5
Total	3.790	2.796.089	29.552,6	100,0	100,0

Clasificación dos concellos galegos

Para chegar a unha clasificación dos concellos tívose en conta a clasificación das parroquias nas 7 subzonas e a porcentaxe de poboación do concello que vive en parroquias ZDP, ZIP alta, ZIP baixa, ZPP alta, ZPP intermedia, ZPP baixa e ZPP superbaixa.

A clasificación final dos concellos queda tal e como se mostra no Mapa 2. As zonas densamente poboadas e intermedias altas están constituídas polos concellos das 7 grandes cidades e arredores, incluíndo a zona de Vilagarcía e a península do Barbanza. Así, con esta clasificación diferencianse dentro da ZIP alta concellos importantes como Santiago e Lugo así como Ames, Arteixo, Cambre, Narón, ... cun notable grao de urbanización.


Dentro da zona pouco poboada destácanse aqueles concellos cun certo grao de urbanización que pertencen á ZPP alta e intermedia: os concellos da Mariña lucense, Vilalba, Monforte de Lemos, Sarria, Xinzo de Limia, Verín, Allariz, Celanova, O Carballiño .

A modo de resumo, cómpre resaltar que só 10 dos 315 concellos de Galicia están na zona densamente poboada e neles vive o 33,7% da poboación galega.

A consideración dos concellos densamente poboados xunto con aqueles da zona intermedia alta permite afirmar que máis do 50% da poboación galega vive nestes dous tipos de concellos que non chegan a representar o 8% da superficie da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola contra, 191 concellos constitúen a zona con menor grao de urbanización (ZPP baixa), onde vive o 17,8% da poboación.

Mapa 2.- Distribución dos concellos en subzonas de urbanización



Fonte: IGE, Consellería de Sanidade. Elaboración propia. A base empregada para a clasificación dos concellos foi a proporcionada polo INE coa poboación de 2001

Táboa 2.- Distribución dos concellos segundo a súa urbanización. Galicia

Zona	Nº concellos
ZDP	10
ZIP	61
ZIP alta	26
ZIP baixa	35
ZPP	244
ZPP alta	21
ZPP media	32
ZPP baixa	191
Total	315

Pódese consultar a metodoloxía desta estatística en:

<http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/clasificacions/urbanizacion/NotasMetodoloxicas.pdf>

Resultados detallados en:

http://www.ige.eu/web/mostrar_paxina.jsp?paxina=003003&idioma=gl

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>